

## **BASES XERAIS DE FUNCIONAMENTO** **E ACCESO AO CAMPAMENTO INFANTIL DE VERÁN “XERMADE CONCILIA 2026”**

### **1. Definición**

No artigo 39.1, o texto constitucional establece o deber dos poderes públicos de aseguraren a protección social, económica e xurídica da familia e, no artigo 9.2, atribúelles ós poderes públicos o deber de promoveren as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, e de removeren os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude facilitando a participación de tódolos cidadáns na vida política, económica, cultural e social.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, no seu artigo 8 indica as competencias dos municipios no eido da protección da familia, entre as que sinala a “*execución de programas e proxectos destinados á atención á familia e (...) a ocupación do tempo libre.*”

A mesma lei, no seu artigo 42 no que enumera os Dereitos de especial protección da infancia e da adolescencia cita o “*dereito ao descanso e esparexemento, ao xogo e ás actividades recreativas propias da súa idade*”.

No II Plan de Igualdade, Área 4, o Concello de Xermade comprometeuse a “*...desenvolver medidas destinadas a favorecer a conciliación da vida laboral (e agrícola), coa familiar e persoal*”. Deste xeito fomento da corresponsabilidade familiar entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos laborais, familiares, e persoais.

Así pois, dando resposta ás competencias municipais e esas necesidades sociais, os campamentos de entroido e verán infantil son un servizo lúdico e educativo concibido para favorecer o desenvolvemento mental, psicomotor, afectivo e sensorial da infancia entre 3 e 16 anos, contribuíndo, ademais, a que as familias poidan conciliar a súa vida laboral, familiar e persoal.

Entre os contidos que se desenvolverán dentro da programación se incluírán a educación para a igualdade, educación para a saúde e o consumo, para a convivencia e a interculturalidade e para o tempo libre saudable.

### **2. Descrición dos servizos:**

**Servizo lúdico e educativo do Campamento de verán “Xermade concilia 2026”:** Servizo educativo e de lecer para crianzas de 3-16 anos, durante os períodos de vacacións escolares de verán cuns contidos educativos e divertidos en base a unha programación educativa que conteña aspectos de educación para a convivencia, a igualdade a interculturalidade, a saúde e o consumo responsable.

Haberá un módulos ou actividades específicas sobre a sensibilización en igualdade e/ou a incorporación da perspectiva de xénero con carácter transversal, de como mínimo 12 horas de duración.

Tamén se ofertarán dúas saídas/excursións, para que a rapazada coñeza mellor a súa contorna. Haberá unha á praia do lago de As Pontes e a outra a ó parque acuático de Cerceda, onde se incluírán as entradas e os desprazamentos nas propostas dos licitadores. O día da excursión a As Pontes, a recollida por parte das familias será ás 19h00 e o día da excursión a Cerceda, será ás 21h00. Tamén haberá una pernocta no pavillón municipal de Xermade, a partir das 21.00 horas da noite.

### **3. Duración e horarios:**

O Campamento de verán “Xermade Concilia 2026” desenvolverase nas vacacións escolares de verán, de luns a venres, do 27 de xullo ao 14 de agosto. Horario: 9.00-14.00 horas. NON haberá actividade o luns 10 de agosto, festivo local.

*A responsabilidade do control e coidado dos/as nenos/as polo monitorado responsable abranque exclusivamente a franxa horaria de funcionamento dos servizos.*

### **4. Lugar:**

Instalacións autorizadas polo Concello de Xermade: Nave, campo de fútbol e carballeira na parroquia de Momán, e o pavillón municipal de Xermade para a pernocta e a mañá seguinte.

## 5. Inscripción:

O prazo de inscrición será desde a publicación de estas bases ata o 14 de xullo.

Para o estudo do expediente de solicitude é obrigatorio presentar o Anexo I e II que se achegan ao final das presentes bases, ademais da documentación que se indica no apartado de “*Documentación necesaria*” do anexo I.

## 6. Organización da actividade:

O campamento só se poderá poñer en marcha se hai un número mínimo de 8 crianzas, e un máximo de 60, e se as normas sanitarias en vigor no momento da realización do campamento permiten a realización do mesmo.

As datas das excursións e pernocta serán especificadas pola empresa adxudicataria. Para as excursións haberá un máximo de prazas, determinadas pola capacidade do autobús. Estas prazas asignarase por orde de entrega da documentación requirida pola empresa organizadora da actividade.

O Concello de Xermade ten solicitada unha axuda á Secretaría Xeral de Igualdade para a realización do campamento. No caso de que non se obteña o financiamento necesario para realización do campamento, o Concello pode cancelar a actividade.

## 7. Persoas destinatarias:

Nenos e nenas de entre 3 e 16 anos, cumpridos antes do primeiro día do prazo de solicitude.

## 8. Procedemento de admisión:

No caso de haber máis solicitudes que prazas, de ser necesario, aplicarase un procedemento de valoración consonte ás variables indicadas na Táboa 1.

Táboa 1	
Variables a ter en conta para a baremación (coa correspondente acreditación)	Puntuación
Unidade familiar con ingresos inferiores ó 6.5 veces o IPREM 2025	3
Familias monoparentais	2
Vítimas de violencia de xénero e doutras formas de violencia contra a muller	2
Mulleres en situación de desemprego de longa duración	2
Mulleres maiores de 45 anos	2
Unidades familiares en que existan outras cargas relacionadas cos coidados	2
Por cada irmá ou irmán con solicitude no servizo	1
Familia numerosa	1
Proxenitor/a con situación de alta laboral	1
Nenas/os matriculadas/os no CEIP de Xermade	1

Non se terán en conta as solicitudes sen a correspondente acreditación documental.

Constituirase no Concello de Xermade unha Comisión de baremación e seguimento coa seguinte composición:

- Presidente/a: Alcalde
- Secretaria do concello de Xermade ou en quen delegue
- Vogais: persoal técnico dos servizos sociais comunitarios ou persoa en quen delegue.

Competencias desta Comisión:

- Velar polo cumprimento do proceso de ingreso.
- Velar pola aplicación do baremo no proceso de admisión.
- Facer pública a relación provisional, coa puntuación obtida de admitidos/as e excluídos/as. Esta relación expoñerase no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal.

## 9. Lista provisional:

A lista provisional de persoas admitidas, no caso de haber máis solicitudes que prazas, publicarase no taboleiro de anuncios do concello e na web municipal [www.xermade.org](http://www.xermade.org). Concederase un prazo de 3 días hábiles para a presentación de reclamacións.

## 10. Lista definitiva:

Rematado o prazo de reclamacións á lista provisional publicarase a lista definitiva e a lista de espera, se fora o caso. No suposto de que se produzan vacantes e se atope esgotada a lista de espera, aceptaranse as solicitudes por orde de rexistro de entrada.

## 11. Dereito de admisión:

Non se permite o acompañamento de familiares nas actividades do campamento. Todos os nenos e nenas participantes deberán manter una conduta inspirada no mutuo respecto, tolerancia, igualdade e colaboración encamiñada a facilitar unha mellor convivencia. O Concello resérvase o dereito de admisión e de exclusión temporal ou definitiva dos usuarios ou usuarias que se comporten de forma incorrecta ou que os seus pais, nais ou tutores/as non respecten este regulamento e as normas básicas de convivencia e colaboración. Antes de tomar unha decisión daráselle sempre audiencia aos pais, nais ou tutores/as dos/as menores. Os/as nenos/as que acudan ao servizo deberán ter adquiridos os hábitos de educación e coñecemento adecuados á súa idade (respecto ao persoal, coidado do material, hábitos hixiénicos, etc). De non ser así, o esforzo dos/as monitores/as estará encamiñado neste senso e informarán aos pais, nais ou tutores deste feito para realizaren o adecuado labor educativo conxunto. Non poderán acudir cunha temperatura corporal igual ou superior a 38° C, calquera enfermidade contaxiosa, piollos, ou calquera outra que poda afectar ao resto dos/das participantes. Nestes casos chamarase aos responsables legais para que acudan ó centro recolleren ó neno/a.

Ó incorporárense á actividade todos os/as participantes deberán traer a diario (preferiblemente marcado á vista co nome do neno/a):

- Gorra ou viseira.
- Auga (cantimplora ou botella).
- Roupa cómoda que facilite a súa mobilidade (chándal ou similar).
- Merenda de media mañá (Preferiblemente alimentos sans e saudables).

## 12. Baixas:

Causarase baixa no servizo por calquera das circunstancias seguintes:

- Por solicitude dos pais/nais ou tutores/as legais.
- Por comprobación de falsidade na documentación ou datos achegados.
- Por incompatibilidade ou inadaptación absoluta para permanecer no campamento.
- Por falta de asistencia continuada durante tres días sen causa xustificada.
- Por incumprimento reiterado das normas, tanto por parte do neno/a como da familia.
- Por outras razón que poidan darse a proposta da persoa coordinadora da actividade.

As baixas producidas por calquera dos motivos expostos cubriranse coas solicitudes que quedasen en lista de espera.

## 13. Persoal do servizo:

Establécese un mínimo de un monitor/a por cada **12** nenos/as, que desenvolverán as seguintes funcións:

- Velar pola debida observancia das medidas sanitarias no caso de existir no momento da realización do campamento.
- Programar e desenvolver as actividades lúdico-educativas nos espazos cedidos polo concello, primando o uso de espazos ó aire libre.
- Deixar recollidas as instalacións e limpo o mobiliario e os utensilios usados, así como os espazos para a realización das actividades.
- Atender aos pais, nais ou titores por teléfono ou persoalmente, para cuestións estritamente técnicas relacionadas coa atención diaria dos nenos e nenas. En todos os demais casos, deberán informar, en todo momento, ao empregado/a municipal encargado da coordinación do servizo, así como antes de realizar calquera tipo de xuntanza con calquera familia. Tamén deberán informar ao Concello sobre as inxedanzas e suxestións dos pais, nais e titores/as.
- Reunirse periodicamente coa persoa responsable municipal deste servizo.
- Custodiar a documentación persoal dos usuarios/as do servizo ao abeiro do disposto na lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro.
- Controlar as asistencias ou ausencias dos nenos/as usuarios/as do servizo, así como os horarios de entrada e saída.
- Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.
- Utilizar o galego como lingua vehicular habitual nas comunicacións e documentacións relacionadas co presente contrato, favorecendo o seu uso sempre que as circunstancias o permitan e sen menoscabo dos dereitos lingüísticos das partes.

O **perfil do monitorado** será: TASOC (técnica/o en Actividades Socioculturais), monitoras/es de lecer e tempo libre, TAFAD (técnicas/os superiores de Animación Socio-deportiva), Educación Infantil, auxiliares de Gardararía e Xardín de Infancia. E as súas titulacións equivalentes: técnica/o superior en Educación Infantil, técnica/o superior en Animación Sociocultural e Turística, técnica/o superior en Ensino e Animación Sociodeportiva, técnica/o superior en Integración Social, monitoras/es de lecer e tempo libre e auxiliar de Educación Infantil ou de Xardín de Infancia, sendo unha de estas persoas coordinador/a da actividade.

Ademais de desenvolver o proxecto educativo da actividade os monitores/as deberán atender ás seguintes tarefas das respectivas áreas.

#### **Educación para a saúde e o consumo:**

- Comprobar que os nenos e nenas laven e/ou desinfecten as mans frecuentemente así coma antes de comer.
- Motivar para unha alimentación variada e equilibrada.
- No caso de que sexa necesario, levar a cabo a limpeza e muda dos nenos/as.
- Atender aos nenos/as no caso de accidentes.
- Facer pequenas rotas de sendeirismo, adaptadas ás idades

#### **Educación para a igualdade:**

- Introducción da perspectiva coeducativa en tódalas actividades.
- Empregar unha linguaxe non sexista.
- Evitar os estereotipos e roles sexistas.
- Introducir actividades de fomento da corresponsabilidade e prevención da violencia de xénero.

#### **Educación para a convivencia:**

- Trasladar aos nenos/as aos diferentes espazos de actividade dentro e fóra do centro, e vixiar a súa conduta durante eses traslados.
- Vixiar que os nenos/as deixen as súas pertenzas de forma correcta nos lugares destinados a este fin.
- Inculcarlles aos nenos e nenas a necesidade de respectar o horario, aos/as compañeiros, as normas de convivencia establecidas e as instalacións así como o mobiliario e o material.
- Informar aos pais/nais ou titores/as e ao Concello das incidencias significativas na conduta e actitudes dos seus fillos/as.

#### **Educación intercultural:**

- Desenvolver o gusto e a capacidade de traballar na construción conxunta dunha sociedade onde as diferenzas se consideran unha riqueza común.

- Recoñecer e aceptar o pluralismo cultural como unha realidade social.
- Xogar con xogos e xoguetes doutras culturas
- Aprender tradicións bonitas e contos ou lendas doutras culturas
- Facilitar o recoñecemento positivo das diversas culturas e linguas e da súa necesaria presenza e cultivo nos espazos educativos

### **Educación para o tempo libre:**

- Vixilancia activa nos espazos de uso.
- Elaboración dun proxecto lúdico-educativo e da memoria final das actividades.
- Preparación de actividades, en lingua galega e non sexista, segundo as idades, cun rexistro destas.
- Dirección e participación nas actividade programadas
- Realizar as demais funcións que se lles atribúan desde o Concello para o correcto funcionamento do servizo.

## ANEXO I

### FICHA DE INSCRIPCIÓN CAMPAMENTO DE VERÁN “XERMADE CONCILIA 2026”

#### Data de inscrición:

#### 1-DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (nai, pai, titor/a...)

Nome e apelidos:

DNI:

Data de nacemento:

Dirección:

Teléfono de contacto:

Correo electrónico:

#### 2-DATOS DA/O-S NENA/O-S PARTICIPANTE/S

1) Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade: \_\_\_\_\_

Padece algunha enfermidade?

NON \_\_\_ SI \_\_\_ ¿Cal?

Medicación:

2) Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade: \_\_\_\_\_

Padece algunha enfermidade?

NON \_\_\_ SI \_\_\_ ¿Cal?

Medicación:

3) Nome e apelidos:

Data de nacemento:

Idade: \_\_\_\_\_

Padece algunha enfermidade?

NON \_\_\_ SI \_\_\_ ¿Cal?

Medicación:

- Matriculado/a-s no CEIP Plurilingüe de Xermade? SI \_\_\_ NON \_\_\_

#### 3-DATOS DA/S PERSOA/S AUTORIZADAS PARA A ENTREGA E RECOLLIDA DAS/OS NENAS/OS

Nome e apelidos:

DNI:

Nome e apelidos:

DNI:

Nome e apelidos:

DNI:

#### 4-HORARIO ORDINARIO DA ACTIVIDADE: De 9:00 a 14:00 horas

-Autorizo a que se saquen fotografías do/a menor?: SI \_\_\_ NON \_\_\_

-Autorizo a utilización de fotografías con fins de publicidade das actividades que se realizan no Concello de Xermade (carteis, páxina web do concello, redes sociais...):SI \_\_\_ NON \_\_\_

A Nai, Pai, Titor/a

Asdo: \_\_\_\_\_

## Documentación necesaria:

- Fotocopia do Libro de familia e/ou título de familia numerosa.
- Fotocopia do DNI dos pais/nais.
- Fotocopias dos DNI das persoas autorizadas para a entrega e recollida das/os nenas/os.
- Fotocopia do DNI do/a neno/a.
- Fotocopia da tarxeta sanitaria da/o nena/o.
- Declaración xurada de ingresos, ocupación e información sanitaria (Anexo II).
- Acreditación da situación laboral: activo (pode acreditarse a través da parte de arriba da última nómina) ou desempleado/a (coa tarxeta demandante de emprego).

## Recomendacións:

- As nenas/os deben traer un pequeno xantar para media mañá e auga para beber.
- Botarlles protección solar antes de vir á actividade.
- Traer gorra ou gorro para protexerse do sol.
- Traer roupa cómoda ou deportiva.
- Os días das saídas, deben traer a súa comida, merenda, bebida, toalla, protección solar, chancletas, gorra ou gorro...
- O día da excursión a As Pontes, a recollida por parte das familias será ás 19h00 e o día da excursión a Cerceda, será ás 21h00. Tamén haberá una pernocta no pavillón municipal de Xermade, a partir das 21.00 horas da noite.
- As familias NON poden acompañar ás nenas e nenos nas actividades do campamento.

## ANEXO II

### DECLARACIÓN XURADA CAMPAMENTO DE VERÁN “XERMADE CONCILIA 2026”

D<sup>a</sup>/o \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

D<sup>a</sup>/o \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_

Pai/nai, titor/a dos/as nenos/as: \_\_\_\_\_

#### Declaramos baixo xuramento:

- Que durante as datas de campamento de VERÁN do Concello de Xermade, entre os días 27 de xullo e 14 de agosto de 2026, estamos:

#### Nai

- Con emprego
- En desemprego
- En formación
- Outra situación: \_\_\_\_\_
- En situación de desemprego de longa duración (máis de 12 meses): SI \_\_\_\_ NON \_\_\_\_
- Acreditada como vítima de violencia de xénero ou doutras formas de violencia contra a muller: SI \_\_\_\_ NON \_\_\_\_

#### Pai

- Con emprego
- En desemprego
- En formación
- Outra situación: \_\_\_\_\_

- Que os ingresos da **unidade familiar** son:

- Inferiores a 6,5 veces o IPREM\*
- Igual ou superior a 6,5 veces o IPREM\*

- Que contamos coa autorización sanitaria e/ou dos convivintes para a participación, así como manifestamos o noso compromiso de revisión diaria do estado de saúde da unidade familiar.

- Na unidade familiar existen cargas relacionadas cos coidados? SI \_\_\_\_ NON \_\_\_\_

En Xermade, a \_\_\_\_\_ de 2026

Asdo:

Asdo:

#### Nome da nai, pai ou persoas titoras da nena ou neno participante

*\*IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples): índice empregado en España como referencia para a concesión de axudas, subvencións ou o subsidio de desemprego. IPREM 2025: Mensual: 600,00 €, anual (12 pagas): 7.200,00 €, anual (14 pagas): 8.400,00 €*

**Actividade gratuíta financiada pola Consellería de Política Social e Igualdade e polo Ministerio de Igualdade**